

## EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

*Resolución do 18 de maio de 2007 pola que se somete a información pública o anteproxecto correspondente ao contrato de concesión da obra pública de colectores xerais e da estación depuradora de augas residuais de Ribeira (A Coruña).*

Acórdase someter ao trámite de información pública, polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, o anteproxecto referido ao contrato de concesión da obra pública de colectores xerais e da estación depuradora de augas residuais de Ribeira (A Coruña), de clave OH.315.769, para os efectos previstos no artigo 228.3º do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Así mesmo, ponse en coñecemento dos interesados que o anteproxecto se atopará á súa disposición, durante o prazo anteriormente sinalado, nas dependencias da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, sitas na r/ Doutor Maceira, 18-baixo, Conxo, 15706 Santiago de Compostela.

O que se fai público para o seu coñecemento xeral.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2007.

José Luis Romero Valeiras  
Presidente da Empresa Pública  
de Obras e Servizos Hidráulicos

## PORTOS DE GALICIA

*Cédula do 14 de maio de 2007 pola que se notifica requirimento previo de desafiuamento administrativo e recuperación de superficie de dominio público portuario do porto de Sada correspondente á antiga nave de redes ocupada polo Club de Remo Mariñeiro de Sada-Fontán.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (BOE nº 285, do 27 de novembro) modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, (BOE nº 112, do 14 de xaneiro) de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase ao Club de Remo Mariñeiro de Sada-Fontán con derradeiro do domicilio coñecido na avda. do Porto, número 41, Sada, A Coruña, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de edictos do Concello de Sada por non ser posible a notificación a través do servizo de correos, que con data do 20 de abril de 2007 a directora de Portos de Galicia, en aplicación do artigo 128 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, (BOE nº 284, do 27 de novembro) de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral, ditou requirimen-

to previo de desafiuamento administrativo e recuperación de superficie de dominio público portuario do porto de Sada correspondente á antiga nave de redes.

De acordo cos termos deste requirimento, outórgase ao Club de Remo Mariñeiro de Sada-Fontán un prazo máximo de dez (10) días contados desde a notificación para proceder ao desaloxo e retirada voluntarias das instalacións, podendo nese prazo retirar todos os elementos, materiais ou equipamentos que sexan da súa propiedade.

O cumprimento deste requirimento será notificado á Xefatura da Zona Centro de Portos de Galicia, sita na rúa Alférez Provisional, 1-1º, 15006 (A Coruña), (teléfono: 981 18 26 26) ou ao celador do porto.

Durante o devandito prazo de 10 días poderán formularse alegacións e achegar aqueles documentos que consideren axeitados en defensa dos seus dereitos.

Transcorrido o prazo de 10 días, e no caso de non atenderse o requirimento ou de rexeitarse as alegacións que, se é o caso, se presenten, a Presidencia de Portos de Galicia ditará, previos os trámites legais que sexan oportunos, título firme decretando a recuperación dos bens situados sobre o dominio público portuario o que implicará simultaneamente o desafiuamento administrativo das instalacións.

O título firme será executado, de ser preciso, de maneira forzosa e coa colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado tal e como establece o parágrafo segundo do artigo 128 da Lei 48/2003.

E para que conste e sirva de notificación, en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo a presente cédula.

Santiago de Compostela, 14 de maio do 2007.

Ana Isabel Calzadilla Bouzón  
Directora de Portos de Galicia

*Cédula do 16 de maio do 2007 pola que se efectúa apercibimento de execución forzosa da retirada da embarcación Menchu do porto de Rianxo.*

No porto de Rianxo, na dársena de Setefogas, están fondeados desde hai máis dun ano os restos da embarcación de nome Menchu e con matrícula ilexible. Dado o seu evidente estado de deterioración, por motivos de explotación portuaria e de seguridade marítima, desde Portos de Galicia tomouse a decisión de retiralos.

Toda vez que ao non resultar lexible a matrícula da embarcación non é posible identificar o armador ou propietario para dirixirlle unha notificación por correo, por medio desta cédula ponse no seu coñecemento que transcorrido un prazo máximo e improrrogable de 10 días, contados a partir do día seguinte ao